



Fundación Menela

Memoria de Actividades 2023



Índice

Presentación	3
Fundación Menela	4
Outras entidades da Rede Menela	15
Servizos da Rede Menela	20
Outros servizos da Rede Menela	51
Sensibilización social	65
Comunicación	76
Indicadores Desempeño	85
Financiadores e Provedores	96



Presentación

Nos últimos anos producíronse cambios significativos en relación ao Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) tanto pola epidemioloxía do trastorno como pola súa definición diagnóstica. O aumento da prevalencia do TEA unido ao acusado crecemento que ven experimentando Fundación Menela polo incremento de persoas beneficiarias do Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral, e a demanda de prazas no Centro de Educación Especial Menela e no Centro de Día e Residencial Castro Navás, sitúan á entidade nun momento de reflexión para afrontar este cambio social e impulsar a creación de servizos asentados sobre bases sólidas que os doten de estabilidade, baixo o ideario que nos representa.

En 2023 camiñamos para recuperar a normalidade en cada un dos centros e servizos da Rede Menela, adaptándonos as diferentes necesidades evolutivas durante o proceso de intervención. Como profesionais, mantemos a ilusión e o inconformismo de sempre. Centramos a mirada nas persoas con Autismo, nas súas familias e no seu entorno coidador. Acompañámoslos desde unha escoita activa e respectuosa, e seguimos aprendendo desde unha experiencia compartida.

Un ano mais, continuamos sendo fortes en iniciativas que promoven a formación de persoas adultas con TEA, elemento clave para acadar unha Vida Plena e de Calidade. A continuidade da iniciativa de emprego MENELAB e dos programas de reforzo da empregabilidade da Fundación ONCE permiten a capacitación técnica en sectores de actividade que conectan cos intereses e motivacións das persoas coas que traballamos cada día. Un vínculo profesional baseado na confianza e nas capacidades de aprendizaxe das persoas con TEA, e a procura dun lugar no que se respecten os principios de verdade e realidade, axúdannos a transitar por este camiño con posibilidades reais de éxito.

Queremos contribuír ao futuro das persoas con Autismo e as súas familias. Baixo este compromiso, neste exercicio conseguimos acadar o financiamento necesario para levar a cabo a compra das antigas instalacións do que fora un dos primeiros establecementos hoteleiros do Concello de Mondariz-Balneario, o 'Hotel Avelino' con vista á construción dun novo Centro de Día e Residencia que complete a oferta de servizos da nosa entidade; referencia no Sistema Galego de Atención á Dependencia.



FUNDACIÓN MENE LA

2021



Fundación Menela

Fundación Menela é unha entidade galega de iniciativa social sen ánimo de lucro que, desde 1989, xestiona servizos para a mellora da calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo e as súas familias. Clasificada como Benéfico - Asistencial e de Interese Galego pola Xunta de Galicia, figura rexistrada como entidade prestadora de Servizos Sociais e recoñecida como entidade de Acción Voluntaria.

A Rede de Centros e Servizos para o Autismo e a Dependencia da Fundación Menela está constituída ademais polas entidades Castro Navás S.L, empresa de inserción laboral para persoas con TEA que nace en 1998, e a Fundación Tutelar "Camiño do Miño", organización fundada en 2006.

Fundación Menela asume o compromiso de prestar servizos especializados e diferenciados de calidade baseados na mellora continua e nunha aposta pola innovación, có obxectivo de satisfacer as necesidades e benestar de persoas usuarias e familias.



1

Misión

Contribuír á mellora da calidade de vida das persoas con TEA e defender a súa dignidade como cidadáns, dando resposta as necesidades específicas de apoio ao longo de todo o seu ciclo vital

2

Visión

Ser un referente na atención a persoas con TEA en Galicia, e ampliar o alcance dos seus servizos a outras formas de dependencia, sólidamente relacionados con outras entidades do sector no ámbito internacional

3

Valores

O compromiso coa mellora continua, a transparencia, a confianza, a honestidade e ética, o traballo de calidade, o respecto mutuo e a paixón polo saber, son os valores nos que cree e defende, representando o sinal de identidade da Fundación.

Principios de actuación

Transparencia

Fundación Menela traballa para asegurar o bo funcionamento organizativo mediante un estrito control de xestión en toda a institución e para poñer a disposición dos grupos de interese información fiable, contrastada, sistematizada e actualizada da entidade, que sexa reflexo do resultado das nosas actuacións. Na páxina web da entidade (menela.gal), os interesados teñen acceso á documentación e información mais relevante respecto ás actividades e ao destino que damos aos fondos que recibimos.

Ética

Na Fundación traballamos a prol do recoñecemento das persoas con TEA como suxeitos de dignidade có referente nos principios e obrigas establecidas na Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU. Con ese fin, os profesionais da Rede Menela dispoñen dun Código Ético (2015) que establece as pautas que guían o comportamento ético dos seus membros na súa práctica diaria.



Calidade

Fundación Menela e Castro Navás S.L tiveron en 2023 a Auditoría de Seguimento do Sistema de Xestión de Calidade e Sistema de Xestión de Centros Residenciais, realizada por AENOR, baixo os requisitos da norma UNE-EN ISO 9001:2015 do sistema de xestión de calidade e UNE-EN ISO 158101:2015, respectivamente.

O resultado favorable da auditoría demostra que se están cumprindo coas metas propostas, que o desempeño do Sistema de Xestión da Calidade da Fundación Menela é axeitado, ten coherencia coa nosa misión, procesos e obxectivos de calidade. Salientar que a retroalimentación que seguimos recibindo das familias nas enquisas de satisfacción segue sendo moi positiva e a participación representa un 60%.

Centros de actuación

Servizos Administrativos Centrais

Rúa Marqués de Alcedo, 19 I 36203 Vigo

Tel. 902 502 508

fundacion@menela.gal

Contacto:

José Manuel Varela Rodríguez, Director Xerente

Centro de Recursos Edificio Cami

Rúa Laxe, 3 I 36202 Vigo

Tel. 986 222 023

edificiocami@menela.gal

Contacto:

Macarena Blanco Delgado, Coordinadora SAI

Mercedes López Francisco, Traballadora Social

Centro Educación Especial Menela

Camiño da Veiguiña, 15 I 36212 Vigo

Tel. 986 240 703

ceemenela@menela.gal

Contacto:

Amparo Maquieira Prieto, Directora



Centro de Día e Residencial Navás

Rúa Navás, 11 I 36391 Priegue - Nigrán

Tel. 986 365 558

castronavas@menela.gal

Contacto:

Pilar Pardo Cambra, Directora Centro Castro Navás

Sonia Álvarez Pérez, Responsable Residencia



Órganos de goberno

Consello do Padroado

O Consello do Padroado, máximo órgano de goberno, ten funcións de representación, disposición e xestión da entidade. Na súa composición figuran patróns fundadores, familiares de persoas usuarias e outros profesionais relevantes, especialmente sensibles cós fins da Fundación Menela.

Presidente

D. Pedro Fernández Puentes (membro fundador)

Vicepresidente

D. Cipriano Luís Jiménez Casas (membro fundador)

Secretario

D. José Manuel Varela Rodríguez (non patrono)

Vocais

D. Jorge Sors Pérez
D. Carlos Varela García
D^a. María Isabel González Quiroga
D. Miguel Ángel Vázquez Vázquez
D^a. Julia Jiménez Fernández
D. Marcos Fernández Álvarez-Santullano
D. Luís Ángel Fernández Barrio
D. Martín Jiménez Fernández

Dirección Executiva

A Dirección Xeral constitúe o órgano executivo da entidade. A súa misión é garantir o cumprimento das decisións adoptadas polo Consello do Padroado na operativa diaria de xestión contando, nesta tarefa, có apoio do Comité Executivo e Equipo Técnico de Dirección. O Director Xeral da Fundación Menela é D. Cipriano Luís Jiménez Casas.

Director Xeral

D. Cipriano Luís Jiménez Casas

Director Xerente

D. José Manuel Varela Rodríguez

Coordinadora Centros

D^a Paula Estévez Salazar



Órganos de asesoramento e dirección

O Equipo Técnico de Dirección ten como misión asesorar e apoiar á Dirección Xeral no exercicio das súas funcións, participando no deseño de políticas de actuación que afectan ao conxunto da entidade, así como servir de canle de comunicación entre os diferentes centros e servizos da Fundación Menela.

Director Xeral

D. Cipriano Luís Jiménez Casas

Director Xerente

D. José Manuel Varela Rodríguez

Coordinación Centros

D^a Paula Estévez Salazar

Área Psicosocial

D^a Pilar Pardo Cambra

Área de Familias

D^a Mercedes López Francisco

Área Diagnóstico e SAI

D^a Macarena Blanco Delgado

Área Educativa

D^a M^a Amparo Maquieira Prieto

Área Residencial

D^a Sonia Álvarez Pérez

Área Económica

D^a Ana Rodríguez González



Órganos Colexiados de Goberno do Centro Menela

O Consello Escolar é o órgano de participación dos diferentes membros da Comunidade Educativa do Centro. A súa misión é asumir a responsabilidade máxima colexiada do funcionamento da entidade escolar, acadando a participación de todos cantos estean afectados pola marcha da mesma.

Directora

D^a Amparo Maquieira Prieto

Representantes Titular

D. Cipriano Luís Jiménez Casas
D. José Manuel Varela Rodríguez
D^a. Mercedes López Francisco

Representantes Profesorado

D^a. Bibiana Rodríguez Casal
D. Pedro Martínez Iglesias
D^a. Vanesa Castro Filgueira

Representación Familias

D^a. Julieta Fernández López
D^a. Leticia Pérez Iglesias
D^a. Tania Vázquez Orge



Actividade Institucional

Durante 2023, a actividade institucional de Fundación Menela canalizouse a través de catro áreas que dan conta do intenso traballo levado a cabo polos distintos niveis da organización.

Reunións de Órganos de Goberno

Padroado de Fundación Menela

O Consello do Padroado celebrou, na sede social da entidade, dúas reunións ordinarias:

- O día 17 de xuño aprobáronse as Contas Anuais e Informe de Auditoría correspondentes ao exercicio 2022
- O día 2 de decembro celebrouse a reunión ordinaria para aprobar o Plan de Acción e Orzamentos para o ano 2024. Nesta mesma xunta aprobouse a incorporación de D^a Julia Jiménez Fernández, membro de número deste Consello desde o ano 2011, á Dirección Xeral da entidade. Por último, presentáronse aos presentes os resultado do Programa de Empregabilidade de persoas con TEA, subvencionado pola Consellería de Política Social



Reunións de Direccións dos centros

Centro Menela

En 2023 celebráronse tres reunións do Consello Escolar do Colexio Menela, os días 26 de xaneiro, 30 de xuño e 26 de setembro. Por outra parte, ademais das distintas reunións técnicas mantidas durante todo o ano, o equipo directivo de Fundación Menela reuniuse coa Directiva da Asociación de Nais e Pais do Centro os días 22 de febreiro, 3 de maio e 13 de decembro, para tratar distintos temas de interese para o funcionamento do centro

Castro Navás

Durante o ano 2023 celebrouse un acto de convivencia coas familias das persoas usuarias do Centro de Día e Residencia o día 21 de xuño. Ademais, unha reunión de traballo coa Xunta Directiva da Asociación de Familias do Centro o día 4 de setembro

Participación en redes de traballo

Confederación Autismo España

En 2022 Fundación Menela está representada nas Comisións da CAE a través de diferentes profesionais. Macarena Blanco participa na Comisión de Detección Precoz e Atención Temperá, Antía Fernández na Comisión de Emprego e, Bibiana Rodríguez, na Comisión de Educación.

Federación Autismo Galicia

O Director Xerente da Fundación Menela exerceu o cargo de Tesoureiro da Xunta Directiva da Federación Autismo Galicia, participando en todas as reunións de Xunta Directiva e Asemblea celebradas durante o ano, así como nos distintos actos institucionais da Federación

Por outra parte, Fundación Menela forma parte das cinco Comisións de traballo en rede da Federación Autismo Galicia: Comunicación, Rede de Accesibilidade Cognitiva, Saúde e o Grupo de reflexión de Diagnóstico e Atención Temperá

En 2023 Fundación Menela participou activamente nas negociacións coa Consellería de Política Social para desenvolver a figura do Concerto Social en Galicia, que foi definitivamente rubricado o día 20 de novembro.

Asociación Empresarial Galega de Entidades da Discapacidade IN-RED

Como entidade asociada, Fundación Menela participou nos distintos actos organizados pola Asociación Empresarial In-Red, tanto nos seus grupos de traballo como nas reunións preparatorias para o Pacto Salarial Galego con organización sindicais e a Administración autonómica. En total, foron oito participacións da nosa entidade, que pon de manifesto o noso compromiso coa mellora das condicións laborais dos profesionais do sector e coa sensibilidade económica dos servizos que prestamos.



Impulso organizativo e creación de novas oportunidades de mellora

Catro novos proxectos se materializaron no ano 2023, como resultado das xestións realizadas a distintos niveis por parte das estruturas organizativas de Fundación Menela. O proxecto RUMBO da Confederación Autismo España, no que a nosa entidade participa a través da Federación Autismo Galicia, a continuidade da iniciativa de emprego MENELAB, que conta coa participación da Universidade de Vigo, o proxecto +RURAL TEA, de atención a persoas con autismo en zoas xeográficas illadas da provincia, o proxecto PROBITEA, da empresa Probisearch, do Grupo farmacéutico Zandal.

Ademais, en 2023 conseguimos acadar o financiamento necesario para levar a cabo a compra dun solar no Concello de Mondariz-Balneario, con vista á construción dun novo Centro de Día e Residencia que complete a oferta de servizos da nosa entidade.



OUTRAS ENTIDADES

DA REDE MENELA

2022



Castro Navás S.L.



Castro Navás S.L, sociedade dependente de Fundación Menela, da resposta á falta de recursos existentes no eido laboral para persoas con discapacidade, ofrecendo un servizo á comunidade no que se asenta, e promovendo actividades económicas nas que as persoas con e sen TEA compartan equipos de traballo e responsabilidades. Na súa traxectoria, a empresa Castro Navás SL foi dirixindo a súa actividade cara distintas áreas comerciais, como a agropecuaria, produción de artigos de agasallo, elaboración de conservas e marmeladas, lavandería industrial e a prestación de servizos de fisioterapia.

No exercicio mantense a tendencia a reactivar o traballo nas diferentes áreas produtivas, sen esquecer os periodos mais ou menos restrictivos motivados polo protocolo de actuación ante a escabiose humana activado no Centro Castro Navás. A actividade da Lavandería Industrial, incrementou notablemente a súa carga de traballo, pese a limitarse a súa actividade ao Centro Residencial Castro Navás, convertíndose nun obradoiro esencial neste ano. Pola súa parte, o obradoiro de Conservas e Marmeladas (Nº de Rexistro Sanitario: 21.17437/PO), e a área agropecuaria manteñen a actividade habitual dos últimos anos. Un ano mais continua a alianza coa empresa Embalajes Armando SLU para a elaboración de tapas para caixas de marisco e molusco.

En 2023, dos servizos ofrecidos por Castro Navás S.L. auditouse unicamente o de Lavandería, por ser un punto estratéxico tanto para a xestión do COVID como da escabiose. Este servizo pasou a auditoría con nota, reseñándose inclusive como punto forte da residencia polo seu bo labor, así como pulcritude e capacidade de traballo do equipo de lavandería, pese a enorme carga de traballo acumulada que xa viña derivada do 2022.

O Servizo de Fisioterapia (Nº de Rexistro Sanitario C-36-000627) mantén a súa actividade habitual coas sesións individuais e grupais co persoas usuarias do Centro Castro Navás.



Fundación tutelar *Camiño do Miño*



A Fundación Tutelar nace por un acordo do Padroado da Fundación Menela do 25 de novembro de 2006 coa misión de 'Proporcionar protección e garantía efectiva dos dereitos dos seus tutelados para acadar a súa integración plena na sociedade e a súa óptima calidade de vida, promovendo a pluralidade e o respecto á diferenza.' Con domicilio social na rúa Xoanelo, 2 baixo (Vigo), está clasificada como Fundación de Interese Social e declarada de Interese Galego.

Durante o ano 2023 a Fundación Tutelar estivo centrada na xestión dos intereses do seu tutelado, así como a atención das consultas que lle foron plantexadas por distintas familias de persoas usuarias da Rede Menela. Có apoio do Programa de Protección Social e Xurídica a Persoas con TEA e Familias, financiado polo IRPF, dirixido á inclusión social efectiva deste colectivo, Fundación Menela pon á súa disposición un paquete de axustes razoables para o exercicio da súa capacidade xurídica efectiva, complementados con medidas de carácter xeral para facilitar a accesibilidade cognitiva no acceso aos espazos físicos, á información e á comunicación para que o exercicio de tales dereitos poida ser real.

O Servizo contempla distintas formas de asistencia á persoa que o precisa, incluíndo apoios na comunicación, na comprensión dos actos xurídicos e das súas consecuencias e na manifestación e interpretación da vontade da propia persoa.

A 31 de decembro de 2023, o Consello do seu Padroado está composto por:

Presidenta

Dña. Isabel González Quiroga

Secretario

D. Cipriano Luís Jiménez Casas

Vogais

D. José Manuel Varela Rodríguez
D. Luis Angel Fernández Barrio



Asociación de Familias

As asociacións de familias do Centro Menela e Castro Navás participan na vida dos centros colaborando na financiación de actividades sociais, deportivas, actividades culturais e educativas que se realizan na contorna comunitaria de Vigo e a súa área metropolitana. Có mesmo compromiso e dedicación apoian as actividades que organiza a Fundación Menela para visibilizar o labor da entidade, e defender os dereitos das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo e as súas familias.

Os Equipos de Dirección das asociacións de familias do CEE Menela e Centro Castro Navás, a 31 de decembro de 2023, están formados por:

Centro Educativo Menela

Presidenta	Dna. Julieta Fernández López
Vicepresidenta	Dna. Raquel Mejuto Gallos
Tesoureira	Dna. Patricia Fernández Vilas
Vogal	Dna. Luján Borrás
Secretaria	Dna. Tania Vázquez Orge



Centro de adultos Castro Navás

Presidente

D. Luis González Rodríguez

Vicepresidenta

Dna. M^a Esperanza Martínez Míguez

Secretario

D. Máximo Revestido López

Tesoureiro

D. Cecilio García Ramos

Vogal

Dna. Victoria Cueto Serrano



SERVIZOS

DA REDE MENELA


2023



Valoración, diagnóstico e orientación


Especializado na valoración, diagnóstico e orientación de persoas con TEA, este servizo realiza valoracións e diagnósticos mediante a aplicación de probas específicas seguindo as Boas Prácticas recoñecidas sobre diagnóstico e detección do Autismo (Grupo GETEA. Instituto de Salud Carlos III).

O Servizo de Valoración e Diagnóstico atende a toda persoa que manifeste síntomas ou sospeitas de TEA (sinais de alerta, programa de cribado con resultado positivo, grupo de risco), realizando revisións e seguimento de casos derivados do sistema sanitario, sistema educativo, servizos sociais ou das propias familias. Tralo diagnóstico facilítase un axeitado asesoramento de servizos de intervención ou apoio en función das necesidades individuais e/ou familiares. Na seguinte imaxe recóllense instrumentos específicos para o diagnóstico do TEA, complementos da historia e observación clínica, así como outras probas que se aplican no Servizo.



O incremento na demanda de valoración diagnósticas conleva a necesidade de reforzar o Servizo de Valoración e Diagnóstico. A 31 de decembro de 2023 o Servizo están composto por dúas psicólogas sanitarias con ampla experiencia e acreditación oficial para aplicar probas de screening e diagnósticas.


Durante o ano 2023 o Servizo de Diagnóstico da Fundación Menela emitiu 40 valoración diagnósticas, segundo os criterios diagnósticos do Manual DSM-5. A distribución por xénero e por idade recóllese no seguinte gráfico, observándose unha incidencia máis alta en idades temperás, menores de 14 anos, sendo un número superior de homes que reciben o diagnóstico de TEA (26), en comparación co número de mulleres (14). Na práctica diagnóstica actual obsérvase o incremento significativo de mulleres que reciben o diagnóstico de TEA, identificándose unha demora diagnóstica no caso de persoas con Síndrome de Asperger ou naquelas persoas nas que as manifestacións clínicas do TEA son menos evidentes.



O Servizo de Diagnóstico figura desde o ano 2014 inscrito no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios có número C-36-002255




Especificadores de gravidade nas áreas do desenvolvemento alteradas no TEA segundo criterios DSM-5, comunicación social e comportamentos restrinxidos e repetitivos, determinadas nas valoracións diagnósticas: **un 70% sitúase no Grao 1, 15% en Grao 2, un 7% en Grao 3 e un 3% Sen Especificar.**



A detección precoz na poboación infantil con TEA é esencial, permite a derivación a servizos de diagnóstico e intervención, e é probable que conduza a unha mellor funcionalidade na idade adulta.

Os casos atendidos no Servizo de Diagnóstico veñen derivados por recomendacións do Servizo por parte de persoal sanitario, servizo de pediatría de atención primaria e/ou hospitalaria e neuroloxía, seguido de profesionais de escolas infantís, ou de educación de primeiro e segundo ciclo, e familias.



Derivacións do servizo de diagnóstico

- persoal sanitario, pediatras e neurólogos
- colexios
- familias



Atención temperá e apoio integral

O Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral dirixese a nenos e nenas de 0 a 6 anos (Atención Temperá) e de 6 en diante (Apoio Integral), as súas familias e a súa contorna, có obxectivo de dar resposta ás necesidades transitorias e permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou que están en risco de padecerlos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.


Fundación Menela ten dados de alta, dentro dos Servizos de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia, no RUEPS: Servizo de Atención Temperá (de 0 a 6 anos), Atención Psicomotriz (a partir de 6 anos), Estimulación Cognitiva e Sensorial (a partir de 6 anos) e o Servizo de Logopedia (a partir de 6 anos).

O Servizo de Psicoloxía en Centro Atención Temperá figura desde o ano 2014 inscrito no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios có número C-36-002255, e coma servizo forma parte da Asociación Galega de Atención Temperá.

A 31 de decembro de 2023 o SAI está composto por un equipo interdisciplinario formado por 8 psicólogas sanitarias, 2 psicopedagogas e 2 logopedas; todos eles con experiencia na atención e tratamento do TEA.



Distribución idade/xénero usuarios SAI



134



37

Datos a 31 de decembro de 2023. 172 persoas con Autismo recibiron atención e tratamento no SAI. A demanda do servizo crece progresivamente ao longo do ano, producíndose 35 novas altas (24 homes, 11 mulleres) e 25 baixas (15 homes, 10 mulleres)

En 2023 continúa o esforzo por manter unha comunicación activa cós centros educativos e outros recursos sociais e comunitarios para a coordinación das actuacións nos diferentes contextos nos que se desenvolve o neno ou nena, pondo en valor a comunicación regular que se mantén coas familias (incluídos os e as irmáns) ou outras persoas que exercen o coidado da persoa con TEA, xerando espazos para acoller preocupacións, demandas e intereses manifestados por eles, integrándoos nas intervencións.




Recoñecer tamén o importante traballo que continúa a facerse desde o Servizo en canto á formación de profesionais vinculados ao sector educativo grazas á colaboración có Centro de Formación e Recursos da Xunta de Galicia, así como a implicación dos profesionais en acción formativas vinculadas a avaliación e estratexias de intervención con persoas con TEA, introdución de melloras no modelo de intervención a seguir, e nas actividades propias do SAI.

En relación a actividade global, realizáronse un total de 9479 intervencións no servizo. 7881 foron sesións individuais (7754 en 2022), 1598 sesións grupais (1194 en 2022), as sesións conxuntas foron eliminadas, incluíndo aos rapaces e rapazas en sesións de intervención grupal ao contar con evidencias, resultados máis eficaces neste tipo de intervencións.

A coordinación do SAI cós centros educativas e familias para a aplicación do Plan de Intervención Individualizado constitúe un elemento clave para o correcto desenvolvemento do servizo.

Indicadores da actividade. Comparativa 2022-2023



Neste exercicio mantense o Grupo de Mulleres con TEA, nado en 2021, un espazo de relación, intercambio e apoio onde compartir a experiencia vital como muller con Autismo; vivenzas positivas e dificultades en diferentes ámbitos como son a escola, o traballo, a relación de parella e a maternidade. Liderado por Macarena Blanco, está integrado por cinco mulleres con TEA de idades comprendidas entre os 22 e 50 anos que se atopan en diferentes momentos vitais. O grupo réunese cunha frecuencia quincenal e fomenta a participación de mulleres con TEA na comunidade.

Formación para o emprego

En 2023 Fundación Menela continúa impulsando a formación profesional e tecendo lazos de colaboración con empresas responsables que xeran oportunidades formativas e laborais reais para persoas con TEA.



Fundación ONCE. Proxectos de reforzo da empregabilidade uno a uno

Neste período executáronse dúas accións no marco das convocatorias da Fundación ONCE, POEJ Uno a Uno e POISES Uno a Uno, cuxo obxectivo foi reforzar a empregabilidade a través de programas formativos que fomentan competencias laborais e preparan aos participantes para o desempeño dunha actividade profesional específica.

PEJ Uno a uno 2022 – 2023

Formación-Elaboración de comida rápida Gourmet

Periodo Execución: Do 01/02/2022 ao 14/06/2023

Horas Totais: 349 horas

Formación Teórica: 175 horas

Posto de Traballo: 174 horas

Beneficiarios: 4 homes e 1 muller con TEA, grao 1.

Empresa para a realización de prácticas:

- Grupo ALSEA
- VIPS SMART Centro Comercia Gran Vía
- VIPS Vialia Vigo

POISES Uno a uno 2022 – 2023

Auxiliar Comida Rápida

Periodo Execución: Do 01/02/2023 ao 31/07/2023

Horas Totais: 500

Formación Teórica: 390 horas

Posto de Traballo: 110 horas

Beneficiarios: 5 homes e 1 muller con TEA, grao 1,

Empresas realización de prácticas:

- Grupo ALSEA
- VIPS SMART Centro Comercia Gran Vía
- VIPS Vialia Vigo



Uno a Uno



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo
El FSE invierte en tu futuro



Unión Europea
Fondo Social Europeo
Iniciativa de Empleo Juvenil
El FSE invierte en tu futuro



Un ano máis, as accións formativas acadaron un impacto positivo en cada unha das persoas participantes, achegando á realidade do emprego a nove persoas con TEA, permitindo o seu desenvolvemento persoal e o seu plan de vida.

O modelo formativo baséase na individualización da intervención e na educación a través da confianza e a xeración de vínculos. O enfoque é o propio do desenvolvemento integral da persoa, fomentando o seu empoderamento en todo momento, e contando coa familia como axente de crecemento. Os contidos impartidos relaciónanse sempre cunha aprendizaxe funcional, eminentemente práctica e realizado en contornas reais.

A construción de pontes de colaboración entre a Fundación, a empresa, a familia e a comunidade permite a xeneralización das habilidades e aprendizaxes adquiridas. Así a colaboración da tappería Vaiche Boa, situada no Casco Vello da Cidade de Vigo, permitiu aos seus clientes degustar as tapas elaboradas polos chefs de Menela: Ovo de corral sobre terra da nosa horta e Roliño de piquillo recheo de gambas.

Programas integrados MRR- Programas integrados para o fomento da empregabilidade de persoas vulnerables

O programa foi subvencionado gracias ao convenio de colaboración ente a Consellería de Emprego e Igualdade e a EAPN Galicia para a realización de programas integrados para a o fomento da empregabilidade dirixido a persoas vulnerables. Foi adxudicado á Federación de Autismo Galicia, subcontractando a Fundación Menela para a execución das accións.

O programa desenvolveuse entre o 01/02/2023 ata o 30/11/2023, e no mesmo participaron 7 homes e 2 mulleres con TEA. Accións destacadas foron as titorías individualizadas para a orientación laboral, e a formación prelaboral para traballar todas aquelas habilidades necesarias para acceder e manter un posto de traballo. A formación ocupacional estivo centrada na Hixiene e Manipulación de Alimentos, Competencias Dixitais, e Marketing Online: Deseño e Promoción de Sitios WEB.

Prácticas non laborais en empresas:
un dos participantes realizou prácticas non laborais en Minimonstrs (Vigo) cunha duración de 30 horas.

Inserción laboral: 2 persoas insertáronse laboralmente, unha delas despois de finalizar as prácticas concertadas por medio do programa cun contrato fixo-descontínuo, e outra persoa cun contrato indefinido como hixienista bucodental.

01 02




Lecer

Motivados por impulsar e compartir actividades vitais en contextos naturais, a través das cales poidan establecer relacións con outros lugares e persoas, en 2023 continuamos realizando actividades de proxección social nas que participaron un total de 70 rapaces e rapazas.

Dando resposta aos intereses particulares das persoas usuarias do Servizo, neste periodo cabe sinalar a realización do curso de Ilustración onde aprenderon a utilizar diferentes materiais cós que crearon un gran mural exposto no edificio CAMI; o obradoiro de escalada no Rocodromo MG12 no que gozaron e aprenderon a disciplina boulder (escalada sen corda); o obradoiro sensorial onde realizaron actividades manipulativas no Centro Multisensorial de Vigo, Sensorialízate; en musicoterapia realizaron diferentes actividades relacionadas coa música; volveron gozar do sol e das olas nun día de surf na Praia de Patos coa Escola de Surf Poinbreak; e no obradoiro de maxia có Mago Cali realizaron actividades terroríficas na festividade de Samain.

Todas estas actividades están enmarcadas no Programa de Lecer e Respiro Familiar do Concello de Vigo.



Menela Xadrez

Fundación Menela continúa apostando por este ilusionante proxecto que trae consigo importantes beneficios educativos e terapéuticos para as persoas con Síndrome de Asperger, como son a mellora da concentración, as funcións executivas, a toma de decisións e a resolución de problemas. Pero, sen dúbida, o mais interesante é crear un grupo de iguais no que se fomente a socialización, amizade e participación na comunidade.



III Torneo de Xadrez Menela

O Museo Verbum de Vigo – Casa das Palabras acolleu, na tarde do mércores 28 de xuño, o III Torneo de Xadrez Menela organizado pola Fundación Menela, cón patrocínio de BDO e apoio do Concello de Vigo e Federación Galega de Xadrez. Unha xornada que transcorreu ao longo de catro horas, na que participaron 39 axedrecistas dos clubs de xadrez Mos, Redondela Chapela e Menela, quenes disputaron este torneo polo sistema suízo a seis (6) rondas e cun ritmo de xogo a 15 minutos finish por xogador.

O éxito acadado nas anteriores edicións levou á Fundación Menela a manter este evento que, cada ano, gaña máis participantes. Unha xornada apaisoante marcada pola calor e a emoción que esconde este xogo de estratexia.

Os gañadores deste III Torneo foron:



Javier Pérez Novoa.



Xavier Davila Rodríguez



Santiago Brito González

Co patrocínio de:





Educación

O Centro de Educación Especial Menela (CEE Menela) escolariza a alumnos e alumnas en idade escolar de 3 ata 21 anos, con diagnóstico de Trastorno do Espectro do Autismo e discapacidade intelectual asociada. Concertado coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia desde o curso 1986/1987, a súa acción educativa baséase na comprensión da persoa con autismo e facilitar apoios específicos que axudan ao noso alumnado a dar sentido ao mundo e a súa vida, a través dunha metodoloxía baseada nos SAAC, habilidades adaptativas, estrutura ambiental (física-temporal), programas de desenvolvemento de habilidades mentalistas e comprensión de emocións.


No curso 2022/2023 matricúlense 41 alumnos e alumnas, con idades comprendidas entre os 6 e 21 anos. En canto o seu lugar de procedencia un 64% é de Vigo e o 36% restante de comarcas próximas: 4 alumnos de Cangas do Morrazo (Hío, Cangas e Moaña), 1 de Vilaboa, 1 de Arcade e 1 de Redondela, 1 de Tui, 2 de Salvaterra do Miño, 1 de Porriño, 1 de Baiona e 1 de Nigrán.

Distribución idade/xénero usuarios CEE Menela



Neste curso prodúcese tres baixas e unha alta. Dúas das baixas foron motivadas polo traslado a un centro educativo con internado e, a terceira, pola concesión dunha praza nun Centro de Día de Vigo a un alumno de 21 anos de idade que finalizaba neste curso a escolarización obrigatoria, dando así paso a vida adulta.

Escolarización CEE Menela e combinada



Centros escolarización combinada

CEIP Escultor Acuña 3 días/2 días no CEEPR Menela
CEPR Divino Salvador 2 días/3 días no CEEPR Menela



Comezamos o curso escolar con catro alumnos en modalidade de escolarización combinada (Educación Primaria), situación que muda en dous meses ao recibir a autorización de dous alumnos para escolarizalos a tempo completo no Centro Menela. Tamén dende o 01 de febreiro de 2023 ampliouse a 3 días, en lugar de 2, a escolarización combinada doutro rapaz.

Un ano máis cabe sinalar o impulso do traballo coordinado con profesionais do ámbito educativo, orientador e Mestres de educación primaria das escolas ordinarias con alumnos que teñen a escolarizado compartida co Centro Menela; unha coordinación que se estende a profesionais dos servizos de atención temperá e gabinetes de atención, o que permite axustar as intervencións có fin de promover o maior benestar de cada alumno, así como as competencias comunicativas e a adaptación da contorna de aprendizaxe.

Actividade curricular no cole Menela

Neste curso mantivéronse as actividades que definen ao CEE Menela, todas elas enmarcadas no concepto 'aprendizaxe por contornas significativas', vinculadas a un espazo vital e social, procurando promover experiencias que permitan unha maior autonomía do alumnado en todos os ambitos da vida cotiá. Ás actividades de aula súmanse as que se realizan na contorna de comedor como son o aperitivo e xantar, o obradoiro doméstico e de cociña, e o taller de xardinería que se enriquece coas actividades no invernadoiro e xardín. As actividades de secretaría, fotocopiado e plastificado, de reciclado de plásticos, latas papel e cartón, así como os recados e compras no hipermercado, continúan ocupando un papel importante na dinámica diaria. Non podemos esquecer as actividades de música e as deportivas, natación e actividade física no Pavillón Municipal de O Berbés gracias ao Convenio de Colaboración có Concello de Vigo.



No CEE Menela apostamos fortemente pola inclusión na comunidade e participación social do noso alumnado. Este ano a adquisición dunha nova furgoneta para o centro, no marco do programa de interese social do 0,7% do IRPF – Consellería de Política Social, fixo posible impulsar as actividades de proxección social, unha forma que nos permite tamén avanzar hacia a aceptación, coñecemento e comprensión do Trastorno do Espectro do Autismo.

Voz Natura

O Cole Menela reforza o seu compromiso medioambiental practicando a regra das tres erres: reducir, reutilizar e reciclar.

Este curso participamos de novo no Programa Medioambiental Voz Natura financiado pola Voz de Galicia e a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, có título 'Educar nas tres erres'. O traballo levado a cabo neste curso tivo tres temáticas diferentes , todas elas orientadas á Educación Ecolóxica e a Protección do Medio Ambiente:

Manualidades (Expresión Plástica): mural de outono, adornos Samaín, Calendario de Advento, árbores de nadal, Mural de inverno, disfraces de entroido mural de primaveira, agasallo do día da nai e pai, etc.



01

Manualidades



Xardinería: tarefas de horta, coidado da contorna, recollida de landras de carballo en outubro no Parque Forestal de Saiáns para que xerminen no colexio e transplántalas a macetas para reforestar no próximo outono os carballos na Comunidade de Montes de San Miguel de Oia, pode e reciclaxe, sementado e recollida de leitugas e brócoli.

02

Xardinería



Reciclaxe. Este ano estreamos o ROUPEIRO ECOLÓXICO para darlle unha segunda vida a roupa, e facer ao alumnado consciente e responsable da importancia de reducir a pegada ecolóxica, fomentando o consumo responsable. Valoramos moi positivamente o ROUPEIRO ECOLÓXICO polo que pasaron unhas dúascentas prendas que, coa colaboración das familias, acadamos darlle unha segunda vida.



Plan Dixital Galicia 2023

Mellora da competencia dixital no CEE Menela

Neste curso os profesionais do CEE Menela continuaron traballando no Plan de Acción do Plan Dixital, un documento coordinado polo mestre Pedro Martínez que contou co apoio dun asesor nomeado pola Consellería de Educación, José Antonio Rodríguez.

Aspectos básicos de protección de datos no centro educativo, crear unha plataforma dixital e promover canles de comunicación coas familias e claustro de profesores foron os contidos das accións formativos que se desenvolveron có apoio do Centro de Formación e Recursos de Vigo.

Proxección Social

Durante o curso continuamos coa oferta do Programa VigoEduca do Concello de Vigo, que permitiu a todo o Cole Menela facer a ruta de sendeirismo da Area Arqueolóxica Mámoas de Candeán e Parque Forestal de Beade, realizouse a III Edición Programa Microconcertos de A Fundación `Música a flor de Pel, que se realizou no cole para todo o colexio có músico Pedro Campos, realizouse unha ruta en bicicleta por Alcabre-Samil organizada por Javier Pitillas con Discamino, gozamos dunha xornada de surf e fixemos a limpeza da Praia de Alcabre da Man da plataforma de conciencia-acción galega We Sustainability e o restaurante La Tita Rivera, conseguindo retirar preto de 8 kilos de residuos, e visitaron a Escola de equitación e equinoterapia Abraín en Gondomar onde coidaron e montaron a cabalo.



No marco do proxecto de educación ambiental, realizaron dúas saídas: 'Ocean Secrets' da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo, o alumnado embarcouse no buque oceanográfico NAUTILUS para gozar dunha travesía pola ría de Vigo, e coñecer as bateas e o fondo submariño, e tamén visitaron a Exposición Inmersiva Vanguardias no Auditorio Mar de Vigo, onde proxectaron cadros de vanguardia en pantalla xigante e en movemento. Realizaron unha visita a Delikia Fresh, desfrutando dunha demostración de dous baristas no mundo do café, e por último foron o Teatro A Fundación coa obra de teatro 'Feo de Caramuxo Teatro'

Excursións de fin de curso:

- 01/06/2023 - Talaso Moaña
- 02/06/2023 - Lago Castiñeiras
- 07/06/2023 - Talaso Moaña
- 08/06/2023 - Talaso Moaña
- 09/06/2023 - Talaso Moaña
- 15/06/2023 - Praia de Lapaman (Bueu)
- 16/06/2023 - Sanxenxo
- 20/06/2023 - Camping de Baiona



Club Deportivo Menela

No Centro Menela pensamos que é moi importante guiar e axudar as persoas con TEA na realización de actividades deportivas e darlles apoio durante a súa práctica. Nesta tempada tramitáronse 18 licencias deportivas, 17 deportistas e 1 delegado.

Participamos nos seguintes campionatos organizados pola Federación Galega de Deporte Adaptado:

V Open de bádmiton

Lugar: Mos

Data: 14/12/2022

Participantes: 2 - Medallas acadadas: 2

Campionato Galego de Campo a Través

Lugar: Illa das Esculturas de Pontevedra

Data: 01/02/2023

Participantes: 13 - Medallas acadadas: 6

XXVIII Open de tenis mesa

Lugar: Mercantil de Vigo

Data: 15/02/2023

Participantes: 1 - Medallas acadadas: 1

II Campionato Galego de Atletismo en pista cuberta

Lugar: Ourense

Data: 01/03/2023

Participantes: 12 - Medallas acadadas: 6

XXVII Campionato Galego de Natación

Lugar: Mos

Data: 26/04/2023

Participantes: 13 - Medallas acadadas: 9

XXVI Campionato Galego de Atletismo Adaptado

Lugar: Vilagarcía de Arousa

Data: 10/05/2023

Participantes: 13- Medallas acadadas: 6



Atención Adultos

O Centro de Día e Residencial Castro Navás é un servizo específico de apoio, configurado como dispositivo de atención integral, preventiva e habilitadora, destinado ao aloxamento temporal e permanente de persoas maiores de 16 anos con discapacidade intelectual, especialmente con TEA, con necesidades de apoio extenso e xeneralizado e/ou en situación de dependencia.

Nado en 1993, ao longo destes anos consolídase unha estrutura organizativa baixo o lema "a única inclusión posible non pode ser outra que a través do traballo", onde as actividades terapéuticas se articulan arredor dos obradoiros de horta e animais, xardinería, manualidades, conservas e marmeladas e lavandería, que se complementan coas vinculadas á creación e expresión artística, servizo de saúde integral, tempo e espazos de lecer.

Un equipo interdisciplinar traballa seguindo o Plan de Atención Individualizado. O marco de actuación no proceso de atención e intervención fundaméntase en procesos de planificación centrada na persoa e na definición do centro como lugar de vida e lugar de traballo, onde cada persoa desenvolve o seu proxecto vital.

Castro Navás, cun **Contrato de Xestión de Servizo Público** coa **Consellería de Política Social da Xunta de Galicia**, conta con 60 prazas autorizadas en Centro de Día e 99 prazas en Residencia. Ao peche do exercicio 2023 a ocupación é de 67 prazas, 14 de Centro de Día e 53 en Residencia. Destas, 52 están dentro do Contrato coa Xunta de Galicia, e 1 é praza privada. En 2023 prodúcese unha baixa no servizo de atención residencial no último trimestre do ano, motivada polo traslado a un centro no que se habilitan unha praza residencial pública.

Neste 2023, Castro Navás volve reforzar o equipo de profesionais a través da incorporación temporal de nove profesionais con diferentes perfís profesionais: Integrador Social (1), Auxiliar de Enfermería (2), Peón Agrícola (1), Técnico de Lavandería (1), Limpeza (1), Coidadores (2) e Técnico de Conservas (1), no marco da convocatoria para o fomento de emprego, Programas de Cooperación da Xunta de Galicia.



49



18



Neste periodo continuamos coa implementación da ferramenta Icalidad de Autismo España có obxectivo de integrar a perspectiva da persoa con TEA no deseño dos Plans de Atención Individualizados, participando en sesións de traballo e no encontro de boas prácticas na avaliación da calidade de vida e deseño de apoios, no que se puxo de manifesto que as relacións interpersoais e a inclusión son as principais dimensións para mellorar a calidade de vida das persoas con Autismo. Estas actividades enmarcáanse no proxecto +Digitales da Confederación Autismo España.

En 2023 continuamos coa colaboración de Ana M^a Rodríguez, profesora xubilada do Centro de Educación Especial Menela, coa que iniciamos un proceso de atención centrada na persoa có obxectivo de implicar a todas as persoas que traballan no Centro Castro Navás no coñecemento das necesidades e expectativas das persoas residentes, e mellorar a competencia profesional e o enfoque ético dos profesionais. Na mesma liña, achegámonos ao Proxecto Rumbo participando, a finais de ano, no grupo de debate sobre Autonomía e Vida Indentende, dentro do Estudo de Investigación 'Situación e necesidades das persoas adultas con autismo en relación á vida independente e a participación social'.



Servizo de Saúde Integral

A saúde é unha das dimensións con maior impacto na Calidade de Vida das persoas con Autismo, de aquí a importancia que adquiren todas as actuacións dirixidas a realizar un seguimento permanente do estado de saúde, prestando especial atención as sinais de alarma vencelladas aos procesos de envellecemento, así como a prevención e promoción de hábitos de vida saudables desde idades temperás. Abordar a saúde desde un enfoque integral implica a intervención da DUE, terapeuta ocupacional, logopeda e a intervención preventiva, habilitadora e rehabilitadora do psicomotricista e fisioterapeuta, dúas figuras complementarias en Castro Navás.




Recén saídos do longo período restrictivo marcado pola COVID-19, dous abrochos de escabiose interrompen na tan desexada normalidade da vida cotiá no Centro. Esta nova situación require a implantación de accións de seguimento e control establecidos no protocolo de actuación definido pola Xunta de Galicia. Baixo o paraugas do Servizo de Alerta Epidemiolóxica de Galicia, o Servizo de Medicina Preventiva do Hospital Álvaro Cunqueiro e o Centro de Saúde Val Miñor, execútase o protocolo e con él todas as medidas de busca activa de casos entre persoas usuarias e traballadoras, revisións preventivas, aplicación de tratamentos específicos e vixianza permanente de síntomas (prurito, lesión cutánea, lesión de rascado, etc.)



Con respecto ao ano pasado, aumentan nun 50% as citas de Atención Primaria, incrementando nun 56% as citas presenciais e un 47% as telefónicas. As citas a médicos especialistas mantéñense practicamente igual que o ano anterior. Aumenta nun 17% o número de citas urxentes a centros de saúde e hospital. Diminúen nun 20% as consultas de Saúde Mental aos residentes, habendo un contacto moi frecuente coa psiquiatra asignada ao noso centro. Con respecto ao ano 2022 diminúen nun 58% as visitas de odontoloxía, aumentan nun 18% as visitas de podoloxía e o número de análíticas mantense igual. Este ano, debido ao abrocho de escabiose no centro tivemos 106 consultas presenciais ao centro de saúde para a avaliación e revisión de usuarios.

No seguinte gráfico recóllense os datos mais significativos de 2023:

Servizos Sanitarios Castro Navás



‘**Apoio psicológico ao envellecemento nas persoas con TEA**’ da Consellería de Sanidade, ‘**Prevención do Deterioro Cognitivo**’ e ‘**Envellecemento saudable para persoas con TEA gravemente afectadas**’ no marco da convocatoria IRPF, son programas que se desenvolveron desde o Servizo de Saúde Integral e enriqueceron as actividades vencelladas á promoción da saúde e atención sociosanitaria.

As sesións de desensibilización ao ámbito da saúde continúen formando parte da actividade do centro. A doazón dun sillón odontolóxico por parte da Unidade de Odontoloxía para Persoas con Necesidades Especiais da Universidade de Santiago de Compostela impulsou o desenvolvemento de accións de sensibilización, acadando importantes resultados que se materializados nas consultas: mellora nos tempos de espera, unha maior comprensión do que vai a acontecer na consulta odontolóxica e dos procedementos odontolóxicos, diminuíndo os niveis de ansiedade xeral.

Neste exercicio continuamos traballando para mellorar a accesibilidade cognitiva dos entornos sanitarios e formando a profesionais que prestan servizos en Atención Primaria. En 2023 formamos a máis de 30 profesionais e colocamos 86 pictogramas no Centro de Saúde de Baiona e Centro de Saúde de Panxón, grazas ao apoio do programa ‘**Formación, sensibilización e accesibilidade cognitiva no entorno sanitario**’ da **Federación Autismo Galicia**. A estas accións súmanse as accións formativas a profesionais sanitarios a través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde na que participaron 43 profesionais.

Servizo Sanitario do Centro de Día Castro Navás, figurando inscrito no rexistro có Nº C-36-003248 coa seguinte oferta asistencial: ENFERMERÍA XERAL, FISIOTERAPIA, TERAPIA OCUPACIONAL e LOGOPEDIA.



Obradoiros Terapéuticos

En 2023 iniciouse o proxecto **'Plan de Recuperación dos Obradoiros do Centro Castro Navás'** un traballo liderado polo director xeral da Fundación Menela, Cipriano Luís Jiménez Casas, no que participou de forma activa o equipo técnico do Centro Castro Navás, co obxectivo de deseñar e implementar un conxunto de medidas e extratexias orientadas a paliar o impacto da COVID-19 no funcionamento diario dos obradoiros do centro. Mantivéronse reunións semanais na sede da Fundación Menela e no Centro de adultos Castro Navás, para levar a cabo un análise detallado de cada un dos obradoiros, encontros nos que se promoveu un cambio de mirada, centrados en cada persoa, aproveitando as fortalezas e intereses laborais das persoas con TEA, adaptando e flexibilizando os procesos produtivos, dando os apoios axeitados e un acompañamento intensivo atendendo as necesidades individuais de cada persoa.

Sumando Capacidades, Deputación de Pontevedra

Un ano máis, executouse Sumando Capacidades, un proxecto formativo que se desenvolve na Lavandería de Castro Navás e que incide no desenvolvemento de competencias para recepcionar, clasificar e preparar a roupa para a súa limpeza, realizar o lavado, secado, planchado e embolsado de roupa, baixo a supervisión dun responsable, para conseguir a produción coa calidade prevista, nos prazos estipulados e nas condicións medioambientais e de seguridade marcadas no plan de prevención de riscos laborais.

Periodo de Execución: Do 01/01/2023 ao 31/12/2023

Beneficiarios: 10 persoas con TEA, 5 homes e 5 mulleres.



Programas integrados MRR – Programas integrados para o fomento da empregabilidade de persoas vulnerables.

O programa, subvencionado gracias ao convenio de colaboración ente a Consellería de Emprego e Igualdade e a EAPN Galicia para a realización de programas integrados para a o fomento da empregabilidade dirixido a persoas vulnerables, foi adjudicado á Federación de Autismo Galicia, subcontractando a Fundación Menela para a execución das accións.

O programa desenvolveuse entre o 01/02/2023 ata o 30/11/2023, e no mesmo participaron 11 persoas con TEA, 9 homes e 2 mulleres con TEA. Accións destacadas foron as titorías individualizadas para a orientación laboral, e a formación prelaboral para traballar todas aquelas habilidades necesarias para acceder e manter un posto de traballo. A formación ocupacional estivo centrada nas actividades auxiliares na área de agricultura, lavandería e cociña.



Execución do proxecto 'MENELAB. Iniciativa de Emprego para Persoas con TEA'

O proxecto MENELAB, que contou có apoio financeiro da Fundación 'la Caixa', permitiu a renovación das instalacións ocupacionais dedicadas á formación laboral en lavandería e agricultura, e o desenvolvemento dun programa formativo en ambos sectores de actividade.

Beneficiarios: 10 persoas con TEA

Periodo de Execución: Do 20/06/2022 ao 20/07/2023

A mediados de ano ponse en marcha a segunda fase do proxecto MENELAB có que pretendemos poñer en marcha un taller de envasado e conservación dos produtos de horta que obtemos, a fin de mellorar a rendibilidade da produción obtida, con vista a crear a medio prazo unha estrutura de Formación Profesional no campo da elaboración de industria alimentaria. Para iso contamos cunhas instalacións de 120 m2 equipadas parcialmente, ás que habería que engadir o equipamento específico de envasado e almacenaxe. No marco do proxecto establecemos unha alianza coa área de Nutrición e Bromatoloxía da Facultade de Ciencias, pertencente á Universidade de Vigo que asegurará a eficacia das medidas para implantar.



Execución dos programas de formación para o emprego enmarcados na convocatorias de axudas para o reforzo da empregabilidade no marco do programa operativo de emprego xuvenil (POEJ) e programa operativo de inclusión social e economía social (POISES) da Fundación ONCE.

POEJ Uno a uno 2022-2023

Reforzo da Empregabilidade para persoas con TEA
Programa Formativo: Auxiliar de Cociña e Hostelería
Periodo Execución: Do 12/12/2022 ao 21/04/2023
Horas Totais: 410 horas/participante
Formación Teórica: 224 horas
Formación Posto de Traballo: 186 horas
Beneficiarios: 6 persoas con TEA
Empresa para a realización de prácticas:
EUREST COLECTIVIDADES S.L



Uno a Uno

POISES psicosocial 2021 2– 2023

Formación para o Emprego de Persoas con TEA
Programa Formativo: Operacións básicas de cociña
Periodo Execución: Do 03/04/2023 ao 29/09/2023
Horas Totais: 400 horas/participante
Intervención grupal 280 e individual 120 horas
Beneficiarios: 4 persoas con TEA



Psicosocial

POEJ psicosocial 2022-2023

Operacións básicas de pisos en aloxamento
Periodo Execución: Do 19/12/2022 ao 29/06/2023
Horas Totais: 380 horas/participante
Intervención grupal 285 e individual 95 horas
Beneficiarios: 6 persoas con TEA



Psicosocial



En 2023 continúa o Programa de Educación de Adultos con TEA promovido polo Centro Español do Autismo. Nos últimos anos, Fundación Menela e a Asociación Nuevo Horizonte (Las Rozas, Madrid) desenvolven diferentes programas que poñen especial énfase na rehabilitación de funcións executivas vinculadas á vida diaria, estimulación cognitiva coa activación e enriquecemento da atención e memoria, mellora da competencia social e emocional e fomento do emprego con apoio a través dun programa de realidade virtual. Programa estimulación da comunicación social de persoas adultas con TEA é o título do programa deste ano no que se ampliou o número de beneficiarios, pasando a ser un total de 24 persoas adultas do Centro Castro Navás.

Os días 9 e 10 de febreiro, Marina Jodra Chuan Coordinadora Técnica da Asociación Nuevo Horizonte trasladouse a Castro Navás para manter unha reunión de seguimento do proxecto na que se compartiron as melloras a implantar, posibles modificacións dentro das aplicacións e acordouse ampliar o número de participantes nesta edición, definíndose os perfis a incluír segundo diferentes niveis de apoio e incluído a persoas con maiores necesidades de apoio.



Ocio e Tempo de lecer

A etapa adulta é o período máis longo da vida e por iso cobra especial importancia que cada persoa conte con oportunidades que lle permitan desenvolver o seu proxecto persoal, participando na comunidade. Cada ano crece a demanda e necesidade de gozar dun tempo de lecer enriquecedor para as persoas adultas do Centro Castro Navás, o que motiva dinamizar a programación de actividades.

A adquisición dunha nova furgoneta adaptada, permitiu ampliar as prazas de transporte para os rapaces e rapazas, e xerar novas oportunidades para un maior goce da nosa comunidade e unha maior proxección social. A adquisición do vehículo foi posible grazas a subvención outorgada á entidade pola Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Neste período destaca a actividade de intervención asistida con cans con Ramalladas. Tras un ano con Roscón, os rapaces e rapazas de Castro Navás continúan amosando ilusión ante a chegada de Apel, un labrador có que comparten momentos de xogo, atención e coidado. Igual de existosa é a actividade de surf na Praia de Patos. Sumámonos as actividades promovidas polas entidades da nosa contorna (Centro Juan María, Asociación Avelaiña, APAMP, etc.) e gozamos de intensas caminatas e paseos polas praias e montes. As saídas a cafetería e os concertos de verán son moi demandados. No propio centro, destacan as sesións de cine para o mais cinéfilos de Castro Navás, e os xogos compartidos como o baloncesto e os circuitos en bicicleta. Non falta a celebración de aniversarios e días internacionais, así como a chegada do Verán, o Entroido, o Magosto e as Festas de Nadal, entre outras.



OUTROS SERVICIOS

DA REDE MENELA

004




Atención psicosocial e apoio familiar

A crecente demanda de recursos de apoio específicos e especializados para persoas con TEA que den resposta as necesidades que xorden no seo das familias, e o apoio na xestión de axudas e prestacións sociais marcan a actividade da atención psicosocial e apoio familiar.

Durante o ano 2023 atendéronse un total de 230 demandas de familias en entrevistas presenciais e telefónicas, ás que hai que engadir as solicitudes de información dos servizos da Rede Menela (56) e as citas vinculadas aos procesos de Diagnóstico e SAI (168).

O Servizo de Diagnóstico experimenta un incremento de solicitudes de diagnóstico de persoas adultas nos últimos anos, duplicándose o número de diagnósticos respecto ao exercicio anterior e aumentando en número na lista de espera. A solicitude de información sobre prazas e escolarización no CEE Menela e de actividades lecer para o alumnado foi tamén do mais solicitado neste ano. No Centro Castro Navás revísanse parte das sentencias de incapacitacións das persoas adultas, elaborándose informes psicosociais para estas revisións. Por último, o 20 de abril de 2023 entra en vigor o novo baremo de valoración da discapacidade o que fixo que se incrementaran as solicitudes de información das familias sobre este baremos e como afecta ás persoas con TEA.



Encontros con familias

do servizo de Atención Temprá e Apoio Integral

En 2023 continuaron os Encontros con Familias, un espazo para e con as familias do SAI, onde poder compartir sentimentos e experiencias, e achegar información para unha maior comprensión do TEA, contribuíndo á mellora da Calidade de Vida de todos os membros da unidade familiar.

Foron 4 encontros os que se desenvolveron neste período, e no que participaron un total de 69 familias. As familias valoraron positivamente os temas abordados por parte dos profesionais da Fundación Menela, así como a súa receptividade fronte as intervencións para a aclaración de dúbidas e ampliación de información.

Como profesionais, un ano mais, constátase o valor destes encontros, como medio para achegarnos á comprensión da contorna familiar a través do coñecemento que nos trasladan os pais e nais, irmáns e avós que, de forma xenerosa, comparten o que supón vivir e sentir o autismo.

1

Charla nutricional

Data: 15 de febreiro de 2023.

Impartido por: Departamento dietético e nutrición de Medirest e o equipo operacional.

Participan: 15 familias.

2

Xornada de sexualidade

Data: 8 de marzo de 2023.

Impartido pola psicóloga, Macarena Blanco Delgado

Participan: 12 familias.

3

Encontro con Johannes Li

Data: 13 de abril de 2023.

Participan: 19 familias.

4

Qué é o Trastorno do Especto Autista e cómo identificalo nos vosos fillos/as?

Data: 25 de outubro do 2023.

Impartido pola psicóloga, Macarena Blanco Delgado.

Participan: 23 familias.



Fortalecemento e respiro familiar

Os Programas de Fortalecemento e Respiro Familiar brindan ás familias e cuidadores habituais un tempo para diminuír a carga física e emocional asociada ás tarefas de coidado, ao tempo que proporcionan as persoas con TEA un tempo de ocio enriquecedor e satisfactorio a través de experiencias lúdicas, deportivas e sociais.

O Centro Menela permaneceu aberto do 17 de xullo ao 04 de agosto en horario de mañá para actividades de lecer, participando 24 alumnos acompañados de 12 profesionais. O programa contou coa financiación da ANPA Menela, entidade que tamén apoiou 'Lecer de sábados' e 'Lecer de fin de semana', dende o 13 ao 21 de xuño, no que participaron 24 mozos e mozas en diversas actividades (zoo, cine, cafetería).

A Asociación de Familias de Castro Navás organizou diferentes actividades de terapia canina coa Asociación Ramalladas, e saídas de lecer de sábados e fins de semana, que se desenvolveron entre os meses de xaneiro e decembro. Nelas participaron 20 adultos.

Fundación Menela executou o programa de Respiro e Apoio á Conciliación da Vida Familiar e Laboral, ofrecendo estanzas en fins de semana no Centro Castro Navás. Durante as datas vacacionais escolares (nadal, entroido, semana santa e verán), ofreceu un servizo de atención ao alumnado do CEE Menela de 40 prazas.



Satisfacción familias

En 2023 mantívose a decisión de realizar unha avaliación parcial dos Centros da Rede Menela, sendo neste execución o Centro de Día e Residencial CASTRO NAVÁS o servizo analizado.

Co obxecto de coñecer a opinión das familias das persoas que reciben atención no Centro de Día e Residencial CASTRO NAVAS, foi realizada unha enquisa de satisfacción a través do portal encuestafacil.com. A participación final acadou o 58,5% das respostas posibles, o que se considera un índice de participación aceptable. A fin de poder facer unha comparativa sobre os resultados obtidos en anteriores consultas, decidiuse utilizar o mesmo cuestionario que se trasladara ás familias nos anos 2019 e 2020, aínda que nesta ocasión foi incluída unha cuestión extra relativa á valoración das familias en relación á atención sanitaria ofrecida polo Centro, que nas dúas anteriores edicións non se incluía.

Os resultado obtidos, en porcentaxe de resposta sobre o total, veñen recollidos na seguinte taboa:

Como valoraría os seguintes aspectos do Servizo	Moi satisfeito	Satisfeito	Neutral	Insatisfeito	Moi insatisfeito
Administración e Facturación	34%	63%	3%	0%	0%
Información e apoio na xestión de axudas sociais e prestacións	32%	62%	3%	3%	2%
Como valoraría a colaboración dende o centro coas familias?	39%	56%	3%	0%	0%
Como valoraría as actividades de lecer realizadas no Centro Castro Navás?	55%	34%	11%	0%	0%
Está satisfeito/a coa atención sanitaria ofrecida polo centro (atención psiquiátrica, acompañamento a médicos, emerxencias sanitarias...?)	37%	55%	8%	0%	0%

No relativo á pregunta de satisfacción xeral do Centro, deuse o seguinte resultado:

	Sen dúbida	Probable sí	Posible, non seguro	Probable non	Seguro non
¿Recomendaría o Centro Castro Navás a outras familias de persoas adultas con TEA?	84%	13%	3%	0%	0%



Co fin de levar a cabo unha comparativa sobre os resultado obtidos nas dúas consultas anteriores, e coñecer así a evolución da valoración que fan as familias que reciben os servizos do Centro, elaborouse unha ponderación de resultados utilizando a seguinte correlación de valores:

Moi Satisfeito/a: 5; Satisfeito/a= 4, Neutra= 2; Insatisfeito/a= 1; Moi Insatisfeito= 0

Aplicado dita valoración ás respostas recibidas en cada pregunta, obtemos unha puntuación final (nota sobre 10) que nos permite comparar coas puntuacións obtidas nos globais das enqui-sas anteriores. Os resultado obtidos son os seguintes:

Como valoraría os seguintes aspectos do Servizo	2019-2020	2023	Diferencia
Administración e Facturación	8,8	8,6	-2,3%
Información e apoio na xestión de axudas sociais e prestacións	8,8	8,3	-5,7%
Como valoraría a colaboración dende o centro coas familias?	9,5	8,8	-7,4%
Como valoraría as actividades de lecer realizadas no Centro Castro Navás?	9,0	8,6	-4,4%
Está satisfeito/a coa atención sanitaria ofrecida polo centro (atención psiquiátrica, acompañamento a médicos, emerxencias sanitarias...?)	-	8,4	-
¿Recomendaría o Centro Castro Navás a outras familias de persoas adultas con TEA?	9,8	9,6	-2,0%

É importante sinalar que o dato de participación na enquisa de 2023 aumentou un 37% sobre o número de enquisas recollidas nos anos 2019 e 2020, o que é valorado moi positivamente pola dirección da entidade. Esta podería ser unha das causas atribuídas aos leves descenso rexistrados na valoración das respostas obtidas, que descenden en todas as cuestións abordadas.

En 2023 non se rexistra nos Centros da Fundación Menela ningunha queixa ou reclamación relativa á prestación dos servizos.



Xestión do coñecemento

Fundación Menela, referente na atención e intervención con persoas con Autismo, participa na transmisión de coñecemento do TEA formando tanto a profesionais actuais como futuros de distintos sectores da contorna máis próxima e natural da persoa con Autismo. Cada ano, o Servizo de Formación ve incrementada a súa demanda de formación onde o Autismo, estratexias de intervención, materiais adaptados e apoios nos diferentes ámbitos de actuación e en cada etapa da vida, son os contidos máis demandados.

Neste exercicio, en colaboración coa Federación Autismo Galicia e no marco da **Comisión de Sanidade**, abordamos necesidades relacionadas coa accesibilidade, transferencia de coñecemento dentro do sistema sanitario e sobre a detección do TEA en irmáns, como forma para superar ás barreiras que dificultan o acceso de persoas con TEA a unha atención sanitaria de calidade.



Humanización e accesibilidade nos Centros de Saúde

Neste 2023 Fundación Menela colocou un total de 88 pictogramas en diferentes espazos/dependencias dos Centros de Saúde de Baiona e Panxón. Esta acción complementouse coa impartición de pilulas formativas impartidas por Ana Fernández e Antía Fernández, nas que participaron 30 profesionais que prestan servizos en Atención Primaria (DUEs, Medicos, Pediatras, Persoal Administrativo) dos Centros de Saúde de Baiona, Panxón e A Doblada, e nas que se abordaron as dificultades que teñen as persoas con TEA na contorna sanitaria, e as estratexias a seguir para contribuir a una atención sanitaria específica e de calidade.

Froito da relación de colaboración coa **Área Sanitaria de Vigo**, recoller que nos tres últimos anos son case 600 pictogramas os que Fundación Menela colocou en nove (9) centros de saúde pertencentes a esta área sanitaria, en concreto, Centro de Saúde de Coia, Casco Vello, Rosalía de Castro, Teis, San Paio de Navia, A Doblada, Rúa Cuba, Baiona e Panxón. Asemade, neste periodo, un total de 67 profesionais que prestan servizo en Atención Primaria participaron nas accións formativas.



Humanización ante as persoas con TEA. Servizo de Atención ao Cidadán e o Paciente do SERGAS.

A través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), Ana Fernández, DUE de Castro Navás, e Antía Fernández, psicóloga, xunto a Cristina Couto, psicóloga da Federación Autismo Galicia, impartiron dúas xornadas online que trascorreron ao longo de catro sesións, nas que se compartiron boas prácticas no coidado da saúde de persoas con TEA e estrataxias a implantar para facer do sistema sanitario público un servizo amigable para as persoas con TEA. 43 profesionais do ámbito sanitario participaron nestas xornadas.

Xornada de Detección e Diagnóstico en TEA desde idades temperás

Macarena Blanco, coordinadora do Servizo de Diagnóstico e Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral, participou na Xornada de Detección e Diagnóstico en TEA desde idades temperás, organizada pola Federación Autismo Galicia no Salón de Actos da Consellería de Sanidade en Santiago de Compostela.

Nesta ocasión Macarena participou na mesa que tivo por título 'Experiencias positivas en detección do TEA', presentando o Programa de Detección '**Irmáns - Irmáns**' da Fundación Menela; un programa que atende na actualidade a 200 nenos e nenas de idades comprendidas entre os 18 meses e 25 anos, e cuxo obxectivo é favorecer a identificación precoz dun posible TEA, favorecendo así a idade de inicio da intervención temperá na poboación de risco.

A xornada desenvolveuse na modalidade online e presencial, assistindo 508 profesionais dos ámbitos sanitario, educativo e social.



Enfrontarse as alteracións do TEA nunha contorna educativa, require posuír unha serie de coñecementos teóricos que ofrezan a posibilidade de comprender e interpretar condutas desconcertantes, así como manexar alternativas de intervención diversas que permitan elixir as adecuadas a cada caso e contexto. Para levar a cabo esta importante e delicada tarefa Ana Moure, psicóloga do Servizo de Diagnóstico e Atención Temperá e Apoio Integral, continúa ao longo de 2023 impartindo accións formativas en diferentes centros educativos da provincia de Pontevedra. Asemade continuamos formando ao alumnado do Máster de Necesidades Educativas Específicas de Apoio Educativo da Universidade de Vigo.

Acción formativa: Comprensión do TEA e estratexias de intervención no ámbito escolar

Duración: 52h.

Lugares: CEIP Chans Bembrive, CEIP Manuel Rodríguez Sinde, CEIP Emilia Pardo Bazan, CEIP Seis do Nadal, CEIP Castrillon-Coiro, CPI Mondariz, CEIP Igrexa – Chapela, CPI García Barbón, CPI Chans Bembrive, CEIP Mestre Vide, CEIP Plurilingüe Domaio

Acción formativa: Sinais de alerta en nenos e nenas con TEA

Duración: 5h.

Lugar: IES Chapela

Acción formativa: Sensibilización ao alumnado sobre as persoas con TEA

Duración: 21h.

Lugares: CEIP Chans Bembrive, CEIP Carballal, IES Vilalonga Sanxenxo, IES Primero de Marzo, IES María Soliño

Acción formativa: Estratexias educativas para familias con nenos e nenas con TEA.

Duración: 3h.

Lugar: UACO,-Marín.

O desenvolvemento destas accións formativas contan có apoio do Centro de Formación e Recursos da Xunta de Galicia.



Menela, referente do autismo

Xerar e compartir coñecemento é un elemento prioritario para a Fundación Menela polo que, ao longo do 2023, a entidade acolleu nos seus centros a 6 estudantes en prácticas en virtude aos convenios establecidos con diferentes entidades.

No Colexio Menela formáronse, en réxime de prácticas, 2 persoas procedentes do Ciclo Superior de Integración Social do Colexio San José de la Guía e no Centro Castro Navás realizaron prácticas 3 persoas procedentes do Ciclo Superior de Integración Social do Colexio LAR de Mos, Ciclo Medio de Auxiliar de Enfermaría do Colexio San Miguel e unha do grao de Psicoloxía da UNED.



Formación

O talento é o principal valor para poder transmitir a nosa pasión polo a acompañamento de persoas con TEA nas diferentes etapas da vida. Pomos aos profesionais no centro e traballamos para facilitar a aprendizaxe continua que permita a comprensión do Autismo, e unha adecuada xestión do talento nos centros de atención.

En 2023 Fundación Menela organizou para o seu persoal un total de 40 accións formativas, que supuxeron un total de 2.081 horas de formación, nas que participaron 125 profesionais dos distintos Centros e Servizos da entidade. Por Centros, a distribución das accións formativas e do número de horas é a seguinte:

	Nº acción	Nº horas
Sede Central	12	239
Edificio Cami	59	1228
CEEPR Menela	20	105
Centro Castro Navás	34	509
TOTAIS	125	2081

A modalidade de formación mais repetida foi a `teleformación` ou formación a distancia, que ocupou o 89% das horas consumidas, tal como se aprecia na seguinte táboa, na que se relaciona modalidade de formación recibida en cada ano con cada centro de traballo:

Ano 2023	Sede	Cami	Menela	Castro Navás	Castro Navás
Online	168	1089	65	457	1779
Presencial	14	139	32	37	222
Total	182	1228	97	494	2001



No relativo as materias impartidas, o grupo mais numeroso correspondeu a cursos de formación relativos a Desenvolvemento Organizativo (23 das 40 accións formativas totais), seguido dos cursos de Intervención en TEA (16 accións) e Diagnóstico (1 acción).

Como resumo, durante este período obsérvase que os profesionais de Fundación Menela traballaron na definición das competencias profesionais dos distintos postos de traballo, e unha especial dedicación ás materias relativas a aspectos organizativos, motivado pola necesidade de de adquirir coñecementos relacionados coas esixencias de cumprimento normativo ás que está sometida a organización, tales como Protección de Datos, Igualdade de Xénero, Prevención de Acoso, etc.

Os profesionais de atención directa seguiron profundizando nos seus coñecementos para a comprensión e intervención con persoas con Autismo, PECS, sexualidade, saúde, envellecemento e abordaxe das condutas desafiante.



Acción voluntaria

Fundación Menela está inscrita como Entidade de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia desde 2005. O voluntariado sempre estivo presente na Rede Menela, realizando actividades de apoio na atención directa e acompañamento nas actividades de lecer e respiro familiar.

Baixo a coordinación xeral da área psicosocial, a organización e xestión do programa de voluntariado recae nos responsables dos servizos aos que se adscriben. En 2023, foron 8 as persoas voluntarias vinculadas á Fundación Menela.



SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

005



Día Internacional da Síndrome de Asperger

Co galo do Día Internacional da Síndrome de Asperger, Fundación Menela contou coa colaboración de Yasmin Cortez Benitez, autista diagnosticada de adulta, nai dunha persoa autista e diplomada en Autismo, como ela se presenta, quen baixo o título "Unha perspectiva autista: atopando o equilibrio entre as dificultades e a felicidade", compartiu a súa experiencia de vida como muller con esta condición.

Nesta ocasión foi a Sala de Conferencias da Sede Afundación o espazo que acolleu a intervención de Yasmin na que contou, en primeira persoa, como veela a vida, como fai para atopar o equilibrio entre as dificultades ás que se enfrenta no día a día, e a procura de felicidade. No seu discurso falou de como foi a súa infancia, adolescencia, a súa etapa universitaria e laboral, abordando os principais retos aos que se tivo que enfrentar, así como aprendizaxes utis obtidos desas situacións. Tamén falou de como xestiona a súa vida familiar, e deu as súas claves de vida de cara axudar a outras persoas con Asperger.



Aclarounos que ela amou as súas diferencias a pesar do que outros pudieran dicir dela, e non deixou de subliñar que outras moitas persoas tamén amaron as súas diferencias, compartindo con ela esta vida, proxectos e vivenzas, recoñecendo así a apertura ética dalgúns individuos.

Un ano máis, Fundación Menela súmase á campaña impulsada pola **Confederación Autismo España** que visibiliza e reivindica os dereitos das persoas con Síndrome de Asperger. Baixo o lema recorrente desde hai uns anos de **"Fai espazo ás persoas con síndrome de Asperger"**, en 2023 puxemos o foco na necesidade de promover o empoderamento e a participación social en igualdade de condicións desta parte do colectivo. Así se puxo de manifesto na xornada técnica na que participamos, no marco do proxecto de gobernanza inclusiva financiado polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.

18 Febreiro



Día Internacional da Síndrome de Asperger

**"Unha perspectiva autista:
encontrando o equilibrio entre as
dificultades e a felicidade"**

Yasmín Cortez

Sábado, 4 de marzo de 2023
Sala de Conferencias da Sede Afundación Vigo. Rúa Policarpo Sanz 26
Horario: De 17:30 a 19:30h
Inscripcións: edificiomin@menela.gal



Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo

Neste 2023, Fundación Menela conmemora o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo cun acto institucional no Concello de Vigo, acompañando a Lucía Campos González na presentación do seu primeiro libro "Un viaje hacia lo desconocido", e compartindo unha xornada en Santiago de Compostela con entidades asociadas á Federación Autismo Galicia, na que creamos un mural colectivo baixo as indicacións do recoñecido artista David Planas.

Acto institucional polo Día Mundial do Autismo

Fragmentos de Muczynski, interpretado polo Trío Celme, é a obra que deu paso ao acto institucional có que Fundación Menela celebrou o Día Mundial do Autismo, unha data para visibilizar ás persoas con Condición do Espectro do Autismo e contribuir a promover o exercicio efectivo dos seus dereitos.

Despois de tres anos marcados pola pandemia por mor da COVID-19, voltamos ao Auditorio Municipal do Concello de Vigo con mais ganas ca nunca! Como colectivo as nosas primeiras palabras foron de recoñecemento e admiración hacia os rapaces e rapazas de Menela, as súas familias e ao equipo de profesionais que nestes anos deron a todos unha lección de vida pola xenerosidade e esforzo có que se enfrontaron a esta pandemia.

02 Abril





Autismo. Chamémolo Polo Seu Nome

O lema deste ano 2023 có que se incidiu en tres aspectos esenciais que contribúen a comprender o Autismo: a **variabilidade** que existe dentro do espectro, a súa **singularidade** e **especificidade**, e o sentido de pertenza.

Tralas palabras do director xeral da Fundación Menela, Cipriano L. Jiménez Casas, visualizamos “O día a día no Cole Menela”, unha proxección que achega aos apoios específicos e necesarios que, acordes a experiencia do Equipo Educativo do Centro Menela, precisan as persoas con Autismo para axudarlles a comprender e dar sentido ao mundo, coa finalidade de mellorar a súa vida.

Recoñecemento profesoras eméritas Cole Menela

Neste día, Ana Rodríguez, Lourdes Martín, Berta Meijide e Amanda Lago, profesoras eméritas do Colexio Menela, ocuparon un lugar especial. Xa xubiladas, recoñeceuse a súa entrega ás persoas con Autismo e as súas familias ao longo destes anos de docencia.



Ana, Lourdes, Berta e Amanda mantiveron viva a ilusión, o entusiasmo e as ganas de aprender do primeiro día, así nolo transmitiron e nolo fixeron sentir, apoiáronnos para comprender un mundo, como é o do Autismo, que precisa dunha atención e dunha escoita diferente, un mundo que a miúdo nos pode parecer desconcertante, enigmático e complexo, á vez, como sempre dicimos, apaixonante.

Isabel Quiroga, nai de Marta e membro do Consello do Padroado da Fundación Menela, foi a encargada de entregalles o Pergamiño de Honra e a Mestra de Sargadelos, como símbolo deste recoñecemento.

Entrega do pergamiño de honra ao xornalista vigués "Gonzo"



Neste día sumamos agradecementos trasladándollo a Fernando González González, "Gonzo", xornalista vigués pola doazón a Fundación Menela trala participación no programa "Quien quiere ser millonario" de Antena 3.

Disculpamos a ausencia de Gonzo quen, a pesar dos intentos, foille imposible estar, e invitamos a Luján Borrás, nai de Asier e amiga de Gonzo, que foi a encargada de recoller o Pergamiño de Honra e un agasallo especial, un cadro da cidade de Vigo vista desde o mar, obra de Luis Eduardo González Núñez, persoa con autismo usuaria do Centro de adultos Castro Navás.


Foi Luis Eduardo González Nuñez e a súa nai, Chola Núñez, con quen comparte a súa paixón pola arte, o encargado de entregar a obra en lembranza do agradecemento de Fundación Menela por este xesto.



Representación institucional no Día Mundial do Autismo

Neste día Yolanda Aguiar, concelleira de Benestar Social do Concello de Vigo, Rubén Pérez, voceiro do grupo municipal da Marea de Vigo, e a voceira do grupo municipal do PP, Patricia López, respaldaron o acto da Fundación Menela participando na lectura do Manifesto do movemento asociativo do autismo polo Día Mundial do Autismo.

Nesta xornada gozamos da actuación de Carlos Quintá, músico especialmente apreciado polo alumnado e profesorado do Cole Menela, e no memo estivemos arroupados polo alumnado do Colexio Apostol Santiago - Xesuitas Vigo, Centro de Estudos Superiores, Colexio Marista El Pilar Vigo e Centro Fillas de María Inmaculada, pilares fundamentais para promover o respecto pola diversidade no presente e futuro.



Presentación do libro “Un viaje hacia lo desconocido” de Lucía Campos González

- **Día:** Xoves, 30 de marzo de 2023
- **Hora:** 18:30h
- **Lugar:** Biblioteca da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (Rúa García Barbón, 5)
- **Presentado por:** Patricia Martínez Gómez, periodista galega
- **Poñerá música:** Javier Pérez Novoa
- **Colabora:** Concello de Vigo e Diversidad Literaria

A Biblioteca da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo foi o escenario que acolleu a presentación de “Un viaje hacia lo desconocido” (Diversidad Literaria), primeiro libro de Lucía Campos González.

Lucía, persoa con Autismo usuaria da Fundación Menela, naceu o 3 de marzo de 2006 en Vigo, onde segue vivindo a día de hoxe. Escribiu o libro cando tiña 11 anos. Agora xa ten 17, e está a cursar primeiro de bacharelato por ciencias.



Edith é un neno que vive nun pobo afastado e moi frío. El, que é autista, sempre sentiu moita curiosidade por saber que había máis aló do seu pobo e as súas montañas, así que un día emprende unha aventura a pé co seu can Lulú. Polo camiño, deberán sortear obstáculos e tamén coñecerán a unha nena e a unha perrita coas que establecerán unha gran amizade.

A presentación contou coa periodista viguesa Patricia Martínez Gómez, estivo amenizada coa música de Javier Pérez Novoa, compañeiro de Lucía, e arroupada por familias e profesionais da Fundación Menela.

Federación Autismo Galicia: Mural Art Experience

